



CIRCULAR PARA PAIS/NAIS/TITORES

Estimados pais/nais/titores:

A ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar, ten por obxecto entre outros, regular no curso 2020/2021:

- A participación no **fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP.
- A convocatoria de **axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial.
- A convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en EP.

INSTRUCCIÓNS.

Para participar no fondo solidario, axuda de adquisición de libros de texto e material escolar **deberá presentar:**

- a) **Anexo I.** Deberá estar debidamente cuberto e será único para todos os fillos que estean admitidos no centro docente para o curso 2021-2022.
- b) **Anexo II** (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- c) **Copia do DNI de ambos proxenitores e do/a alumno/a** (naqueles casos que o teña).
- d) **Copia do libro de familia** onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- e) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia. (De ser o caso)
- f) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar. (De ser o caso)
- g) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada. (De ser o caso)

Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por falta da devolución dos libros de texto recibidos do fondo solidario ou adquiridos coas axudas no curso 2020/2021.

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/> ou no centro educativo.

Nota: Debe poñer os seus datos tal e como figuran no seu DNI e sen abreviaturas. Ex: se no seu DNI consta como María del Carmen non pode poñer Mª del Carmen ou María Carmen. O centro non se responsabilizará de ditos erros.



RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

1. Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019. É dicir, sumar a renda dos declarantes e dividila entre os membros computables da unidade familiar.
2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza
 - a) Cando se presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460).

SUMA: RECADRO 435 + RECADRO 460
 - b) Cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

Computarán como dous, os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a día 31 de decembro de 2019.

Serán membros computables:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.



RESUMO DA ASIGNACIÓN DE LIBROS E CONTÍA DAS AXUDAS

- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000euros: 210 euros para libros de texto.
- Renda per cápita entre 6.000 e 10.000 euros: 140 euros para libros de texto.
- Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros: 50 euros para material escolar.

A asignación dos libros de texto do centro realizarase por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.

PRAZOS

O prazo de presentación das solicitudes no CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas rematará o día 10 de xuño. O alumnado do 6º curso que vaia cursar 1º da ESO o próximo curso, deberán entregar a solicitude no IES Marco do Camballón ou no centro que vaia cursar os estudos durante o curso 2021/2022 (segundo os prazos establecidos por dito centro).

O prazo para devolver os libros do fondo libros do presente curso remata o 18 de xuño. A non devolución, suporá a exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2020/21.

OBRIGATORIEDADE

A documentación presentada no centro deberá ir acompañada dos orixinais que verifiquen a súa autenticidade.